



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Cultura

*Bases Concurso Grelos 2023. Feira do Grelo de As Pontes de García Rodríguez*

##### ANUNCIO

Por resolución do concelleiro delegado da Área de Contratación e Cultura nº 183/2023 do 18 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases do concurso de grelos 2023, que se transcriben deseguido:

##### BASES:

O concurso de grelos da XLII edición da Feira do grelo do Concello das Pontes celebrarase o domingo 19 de febreiro de 2023.

Inscrición: de 8 a 10:00h o domingo 19 de febreiro na carpa situada no patio do Colexio Santa María.

1ª Os grelos presentaranse en cestas que deberán conter como mínimo 10 madras. Esta condición é obrigatoria para poder concursar.

2ª Só se admitirá unha persoa concursante por unidade familiar.

3ª Os/as concursantes deberán ter un mínimo de 16 anos.

4ª A partir das 10h, o xurado comezará a facer o reconto das cestas concursantes, momento no que non se admitirán máis cestas a concurso.

Para a admisión de inscricións terase en conta a cantidade de grelos presentada por participante (mínimo 10 madras). No caso de que o número de participantes sexa superior ás prazas dispoñibles a selección farase por orde de inscrición.

As cestas que non sexan admitidas poderán poñerse á venda pero non participarán no concurso.

5ª O concurso rematará ás 11:30h coa carpa situada no patio do Colexio Santa María. A venda de grelos poderá comezar as 08:00h agás aquelas madras que participen no concurso.

6ª O xurado estará composto por unha persoa con experiencia profesional culinaria, un/ha representante da Asociación de Comerciantes e Hostaleiros de As Pontes, unha representante da Asociación Amas de Casa.

7ª As decisións do xurado serán inapelables, podendo declarar desertos os premios en calquera das categorías.

8ª Os/as donos/as das cestas admitidas a concurso recibirán un agasallo pola súa participación.

9ª Establécense os seguintes premios (podendo declararse deserto algún deles):

Premios á calidade do grelo:

- 1º premio: 400 €

- 2º premio: 300 €

- 3º premio: 200 €

- 5 accésits de 75 € cada un

- Premio Especial "Alexandre Pérez Sindín" á cesta mellor adornada: 300 € e unha peza de artesanía doada pola Asociación Amigos da Madeira.

10ª Os premios estarán suxeitos á retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.

As persoas gañadoras daranse a coñecer o mesmo día da feira, unha vez rematado o concurso. Os/as participantes que resulten gañadores/as recollerán nese momento un vale do premio.

As persoas premiadas deberán presentar a designación bancaria a seu nome asinada pola entidade financeira no rexistro xeral do Concello (ou no rexistro telemático, na sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com> entre o 20 de febreiro e o 6 de marzo). O premio farase efectivo por transferencia bancaria.”

2º- Ordenar a inserción das citadas bases no boletín oficial da provincia.

Acordouno e asíno o concelleiro delegado da Área de Contratación e Cultura

Vicente Roca Uceira

As Pontes de García Rodríguez, 19 de xaneiro de 2023

2023/308